

Torés – As Nogais, 1979-03-23

**Informante:** Sr. Amable e unha muller

**Compilador:** Xosé Luís Rivas

**Transcrición:** X.L. Rivas, rev. S. de la Ossa

1. Alá cando era mozo  
tiña vint'anos cumpridos  
ba ver unha rapaza  
i-aló lexos dos veciños.
2. [Le]vábache un pau tan largo  
coma un fungueiro dun carro  
/:calzo nas zocas chinelas  
fumando nun gran cigarro.:/
3. Fun e peteinlle na porta  
sal' o can moi apurado  
resgoume o calzón de estrena  
i-e máis tiroume deitado.
4. Saliu a ama da casa:  
–Éche milagro, bon home!  
/:Este can éche escollido,  
carne mala non cha come!:/
5. Saliu a ama da casa:  
–Éche milagro, bon home!  
Este can é escollido,  
carne mala non a come!\*
6. –A rapaza non está,  
vai alá nun viaxiño–.  
Eu fúncelle te-la espera  
i-á namela dun veciño.
7. Alí saliull' outro can  
como a cabeza dun sapo  
arrastroume pola lama  
como si fora un fargallo.
8. Ao sentir tanto allarido  
acodiron os veciños  
os homes con paus e fouces  
e as mulleres con fouciños.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades